


TEMA 8. AS PRIMEIRAS FORMAS DE ESCRITURA

No IV milenio a.C, o control das enchentes dos ríos Tigris e Éufrates en Mesopotamia e do río Nilo en Exipto, así como a construción de diques, permitiu regar de maneira axeitada os campos. Inventáronse a roda e o arado.


FASES DO CICLO AGRÍCOLA EXIPCIO:



INUNDACIÓN (xuño-setembro): o río sufría unha grande enchente anual que inundaba as terras das súas ribeiras.



SEMENTEIRA (a partir de outubro): Ao retirárense as augas, as ribeiras quedaban cubertas dun fértil limo, onde se sementaban os cultivos.



COLLEITA (febreiro-xuño): comezan a recoller os produtos que xa medraron antes da chegada dunha nova inundación.

MAPA DE EXIPTO E MESOPOTAMIA



EXIPTO: Río Nilo

MESOPOTAMIA: Ríos Tigris e Éufrates

AS PRIMEIRAS ESCRITURAS

Nas cidades mesopotámicas, cara ao 3300 a.C., e máis tarde en Exipto (3150 a.C.), iniciouse a práctica da escritura, que adoptou unha forma **cuneiforme** e **xeroglífica** respectivamente.

Escritura cuneiforme: Xurde en Mesopotamia como unha simplificación dos pictogramas. Cada símbolo representa unha palabra ou idea. Realizábase en táboas de arxila que se marcaban cun punzón.

Escritura xeroglífica: Xurde en Exipto, cada debuxo representa palabras, ideas ou sons. Realizábase sobre pedra ou en papiros. Escribíase en varios sentidos: de arriba a abaixo, de esquerda a dereita...

O PRIMEIRO CÓDIGO DE LEIS

O **Código de Hammurabi** foi un dos primeiros códigos de leis do mundo, apareceu en **Mesopotamia**.

Establecía o seguinte:

-Se un home cometeu un roubo, será axustizado.

-Se un home arrinca un ollo ao fillo doutro home, seralle arrincado un ollo.

-Se un pai desherda ao seu fillo sen ter probas, o fillo herdará.

-Se alguén é acusado sen probas de algo, a persoa que o acusou será axustizada.

Establece unha xustiza que, aínda que agora nos pode parecer brutal polas execucións e castigos físicos, no seu momento serviu para **combatir a vinganza desmedida e as inxustizas**.



MESOPOTAMIA: EVOLUCIÓN HISTÓRICA

SUMER: Organizáronse como **ciudades-Estado independentes**. Cada unha delas comprendía unha **cidade principal (Ur, Uruk, Eridu ou Lagash)**, que era a sede do **poder político e relixioso**, e os **campos** que a circundaban.

REINO DE AKKAD: No **III milenio a.C.**, o rei **Sargón (2334 a.C.)** ocupou as cidades da Baixa Mesopotamia e creou o reino de Akkad.

IMPERIO BABILÓNICO: Cara ao **1800 a.C.**, a **cidade de Babilonia** impúxose sobre o resto de cidades e formou o Imperio babilónico, que tivo a súa máxima prosperidade en tempos do rei Hammurabi (1750 a.C.).

IMPERIO ASIRIO: Cara ao **1300 a.C.**, os asirios crearon un imperio que se estendía **dende o golfo Pérsico cara ao mar Mediterráneo**. A capital estableceuse na cidade de **Nínive**

IMPERIO PERSA: No **século VI a.C.**, en tempos do **rei Ciro**, os persas conquistaron Mesopotamia e crearon un novo imperio que **se expandiu ata o río Indo**. As súas cidades máis importantes foron **Susa e Persépole**.

ARTE DE MESOPOTAMIA

Zigurat: **Templo** mesopotámico que servía como a **morada dos deuses na Terra**. Alzábase sobre amplas plataformas ou terrazas e accedíase a el a través de **grandes escalinatas**, estando **na cima o santuario**. Construíase con **adobe e ladrillos de barro cocido**.

Algunhas obras de arte:



A leoa ferida



Gudea de Lagash

EXIPTO: EVOLUCIÓN HISTÓRICA

Exipto estaba dividido en dúas partes dependendo da zona do río Nilo na que se atopaban: Alto Exipto (no sur, na parte alta do río) e Baixo Exipto (no norte, na zona do delta e a desembocadura). O rei Narmer unificou tódalas terras, foi o primeiro faraón de todo Exipto.

A partir del, Exipto divídese en varios periodos:

-PERÍODO INICIAL: Dinastías I e II (3000-2686 a.C.). **Unificación** de Exipto.


-IMPERIO ANTIGO: Dinastías III-VI (2686-2160 a.C.). Construción das **grandes pirámides** polos faraóns **Zoser, Keops, Kefrén e Micerino**.

-IMPERIO MEDIO: Dinastías XI e XII (2050-1650 a.C.). Expansión de Exipto cara Oriente Medio.

-IMPERIO NOVO: Dinastías XVIII-XX (1550-1069 a.C.). **Grande época** cunha grande expansión. A época de **Hatshepsut, Akenatón, Tutankamón ou Ramsés II**.

-ÉPOCA SERODIA (TARDÍA): Últimas dinastías (684-30 a.C.). **Asirios, persas e Alexandre Magno** invaden Exipto. **Cleopatra VII é derrotada polos romanos** no 30 a.C. e Exipto deixa de ser un reino independente.

SOCIEDADE EXIPCIA



Sociedade moi xerarquizada:

Privilexiados: altos funcionarios, nobres, sacerdotes e escribas do faraón. Posuían a meirande parte da terra e cargos de poder.

Artesáns e campesiños: Ligados á terra, pagaban impostos e estaban obrigados a traballar para o faraón


Escravos: non tiñan dereitos.

DEUSES EXIPCIOS


En Exipto e Mesopotamia eran politeístas, e dicir, adoraban a varios deuses. Algúns dos deuses exipcios máis importantes eran os seguintes:



TUMBAS EN EXIPTO



MASTABA: primeiras tumbas, sinxelas construcións que agochaban unha cámara enterrada baixo o solo.



PIRÁMIDE: Tumba con forma de construción piramidal de grandes dimensións. Tiña galerías falsas para evitar saqueos.



HIPOXEO: Grandes cámaras funerarias baixo terra, con grandes galerías moi decoradas. Tamén tiña galerías falsas para evitar saqueos.

OBRAS DE ARTE EXIPCIA:

Algunhas obras de arte son as seguintes:



O libro dos mortos: Era un papiro que levaban na tumba os mortos máis importantes. Contaba a historia de como a alma do defunto debía ser xulgada no Tribunal de Osiris, pesando o corazón deste nunha banza na que no outro lado estaba unha pluma máxica. Se o corazón pesaba menos, a alma sobreviviría no máis aló, e se pesaba máis, un deus monstruoso devoraría o corazón e a alma desaparecería.